IDEAS
IDEAS PARA UNHA posible HOMILÍA CON NENOS
11 MAIO 2025

XESÚS RESUCITADO REGÁLANOS
…un Rabaño, un Pastor, unha Voz

1. VER: O oficio de pastor

-Nas nosas aldeas todos coñecemos a pastores de ovellas.

-Tamén na época de Xesús había en Israel rabaños de ovellas, era un pobo de pastores, pero habíaos bos e malos. -Xn 10, 27, As ovellas coñécenme:

Cal é a tarefa do pastor? A onde as levan? Como as guían? Coñecerán os seus nomes e os seus hábitos?

2. XULGAR: Os regalos do Resucitado

-No evanxeo de hoxe, Xesús dinos que el é o pastor, ***"coñezo ás miñas ovellas e elas séguenme, doulles a vida eterna e ninguén as arrebatará da miña man".*** Claro que iso lle custou a súa vida.

QUE NOS QUERE DICIR?

- **Xesús Resucitado regálanos un Rabaño:**

*É o rabaño da Igrexa, o rabaño da comunidade onde cabemos "todos, todos, todos", que está unida por Xesús, e nela recibimos o perdón, o alimento da eucaristía, o testemuño de fe dos que nos rodean acompañan e coidan.

- **Xesús Resucitado regálanos un Pastor:**

*Ese Pastor é Xesús que nos salva, é a nosa luz, dá a Vida por nós, con El non podemos temer. Son tamén os sacerdotes que nos acompañan e coidan. E rezamos polo Pastor da Igrexa que sairá elixido en conclave.

- **Xesús Resucitado regálanos unha Voz:**

* É a súa Voz que debemos coñecer, escoitar e seguir. A súa Voz seguímola escoitando no Evanxeo que nos marca o camiño para seguir. O Señor é o meu pastor,

Vives estes agasallos do Resucitado? Como?

3. ACTUAR: Necesítanse pastores

-**Necesitamos persoas que nos leven a Deus**, que nos axuden a coñecelo e a querelo, que nos fagan fortes na fe.

-**Chamamos tamén pastores aos bispos e sacerdotes: O báculo do bispo** aseméllase ao caxato que utilizan os pastores para guiar con agarimo e amor as súas ovellas. *Felicitade hoxe ao sacerdote (ou sacerdotes) da túa parroquia e #agradecer con el porque nos axuda a crer e amar a Xesús.*

-Todos somos uns pouco pastores cando coidamos os demais e lles damos vida: aos máis pequenos, enfermos...*Agradece a presenza dos* ***bos pastores na túa vida:*** *sacerdotes, catequistas, pais, educadores.*

-Facede un mural coa frase ***"O Señor é o meu Pastor".*** Debuxamos a Xesús Bo Pastor e a cada neno dámoslle unha ovella para poñelas no ofertorio á beira de Xesús para que nos coide e o sigamos..

Que podemos facer?

LECTURAS

FEITOS DOS APÓSTOLOS 13, 14. 43-52: *Sabede que nos dedicamos aos xentís, nós e o Espírito Santo.*

Naqueles días, Paulo e Bernabé continuaron desde Perxe e chegaron a Antioquía de Pisidia. O sábado entraron na sinagoga e tomaron asento. Moitos xudeus e prosélitos adoradores de Deus seguiron a Paulo e Bernabé, que falaban con eles exhortándoos a perseverar fieis á graza de Deus.

O sábado seguinte, case toda a cidade acudiu a oír a palabra do Señor. Ao ver o xentío, os xudeus enchéronse de envexa e respondían con blasfemias ás palabras de Paulo. Entón Paulo e Bernabé dixeron con toda valentía: «Tiñamos que anunciarvos primeiro a vós a palabra de Deus; pero como a rexeitades e non vos considerades dignos da vida eterna, sabede que nos dedicamos aos xentís.

Así nolo mandou o Señor: "Eu púxente como luz dos xentís, para que leves a salvación ata o confín da terra"». Cando os xentís oíron isto, alegráronse e loaban a palabra do Señor; e creron os que estaban destinados á vida eterna. A palabra do Señor íase difundindo por toda a rexión. Pero os xudeus incitaron as señoras distinguidas, adoradoras de Deus, e aos principais da cidade, provocaron unha persecución contra Paulo e Bernabé e expulsáronos do seu territorio. Estes sacudiron o po dos pés contra eles e fóronse a Iconio. Os discípulos, pola súa banda, quedaban cheos de alegría e de Espírito Santo. *Palabra do Señor*

SALM0 99: Nós somos o seu pobo e ovellas do seu rabaño.

Apocalipse 7, 9. 14b-17: *O Año apacentaraas e conduciraas cara ás fontes de augas vivas.*

XOÁN 10, 27-30: *Eu dou a vida eterna ás miñas ovellas.*

Narrador: Naquel tempo, díxolles Xesús:

Xesús: *-«As miñas ovellas **escoitan** a miña voz, e eu **coñézoas**, e elas **séguenme**, e Eu **doulles a vida** eterna; non perecerán para sempre, e **ninguén as arrebatará** da miña man.*

Meu Pai, que mas deu, supera a todos, e ninguén pode arrebatalas da man de meu Pai.

Eu e o Padre somos un.». Palabra do Señor.

(Narrador-Xesús)